

	<i>Longitud</i>	<i>Latitud</i>
Vértice 5	-7° 56' 20"	42° 44' 40"
Vértice 6	-7° 56' 20"	42° 44' 20"
Vértice 7	-7° 57' 00"	42° 44' 20"
Vértice 8	-7° 57' 00"	42° 43' 40"
Vértice 9	-7° 56' 40"	42° 43' 40"
Vértice 10	-7° 56' 40"	42° 44' 00"

Lo que se hace público para su general conocimiento y en cumplimiento del artículo 101 del Reglamento general para el régimen de la minería de 25 de agosto de 1978.

Pontevedra, 24 de octubre de 2001.—La Delegada Provincial, Carmen Bianchi Valcarce. 1390



Deputación Provincial

Extracto de acordos adoptados pola Comisión de Goberno da Excm. Deputación Provincial en sesión celebrada o día 14 de febreiro de 2002.

- 1.—Apróbase o borrador da acta da anterior sesión, ordinaria, do día 7 de febreiro do ano 2002.
- 2.—Quedou enterada de informes de Intervención e Asesoría Xurídica en relación coa Modificación dos Estatutos do Consorcio para prestación de servicios contra incendios e salvamento das comarcas de Deza-Tabeirós e Terra de Montes, acordando somete-lo expediente a aprobación do Pleno.
- 3.—Acórdase a devolución de fianzas.
- 4.—Recoñécese servicios a efectos de trienios a diversos funcionarios.
- 5.—Desestímase reclamación por responsabilidade patrimonial que formula don José Antonio Ballesteros Pastoriza por danos en accidente de tráfico na rúa Ángel Amor Ruibal dirección Maestro Soutullo, á altura do edificio número 12 e o chalet número 3 de Pontevedra.
- 6.—Comunicacións: Non houbo.
- 7.—Rogos e preguntas: Non se formularon.

Fóra da orde do día:

- 8.—Apróbanse as bases da convocatoria para a adxudicación de préstamos sen interese do ano 2002.
- 9.—Adxudícase o concurso para a contratación da obra "Pavillón polideportivo municipal en Leirado (Salvaterra)".

O Secretario, ilexible.—Vº e Prace, O Presidente, ilexible. 1384

A Y U N T A M I E N T O S

PONTEVEDRA

A N U N C I O

Resolución da Alcaldía, pola que se eleva a definitiva a aprobación inicial da modificación puntual da disposición transitoria primeira da ordenanza municipal reguladora das medidas de conservación e de seguridade nos elementos exteriores das edificacións, dispoñendo a súa publicación regulamentaria.

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria que tivo lugar o 24 de novembro do 2001, acordou prestar aprobación inicial á modificación puntual da disposición transitoria primeira da ordenanza municipal reguladora das medidas de conservación e seguridade nos elementos exteriores das edificacións, e subsecuentemente establecer unha prórroga de un ano no prazo establecido para presentación do certificado-dictame nos edificios con fachadas compostas de chapados ou aplacados de granito, dispoñendo tamén o seu sometemento a información pública e audiencia ós interesados polo prazo de trinta días hábiles, para a presentación de reclamacións e suxerencias, sinalándose expresamente no anuncio publicado, que de non ser presentados, no prazo establecido, entenderíase adoptado o acordo de aprobación definitiva, dictando resolución a Alcaldía e dispoñendo a publicación do seu texto íntegro para a súa entrada en vigor.

Publicado no Boletín Oficial da provincia nº 242 do 18 de decembro do 2001, o anuncio da exposición pública da modificación puntual da disposición transitoria primeira da ordenanza, que rematou o 24 de xaneiro pasado, non se formulou no prazo establecido alegación ou reclamación algunha contra o mesmo.

Esta Alcaldía no exercicio das súas atribucións:

R E S O L V E

Elevar a definitivo o acordo de aprobación inicial adoptado polo Pleno da Corporación en sesión de 24 de novembro do 2001, de modificación puntual da disposición transitoria primeira da ordenanza municipal reguladora das medidas de conservación e seguridade nos elementos exteriores das edificacións, dispoñendo a publicación do seu texto íntegro do referido precepto no Boletín Oficial da provincia

"DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA

O prazo de cumprimento da obriga de presentalo certificado de seguridade referido no artigo 3º, será o que resulte da antigüidade da edificación,

computándose o período de presentación desde a entrada en vigor da ordenanza, isto é, desde o 16 de xaneiro de 2000, do seguinte xeito:

- Edificios con fachada de chapado ou aplacados de granito con independencia da súa antigüidade: Tres anos.
- Edificios con outro tipo de chapado ou aplacado: Catro anos.
- Resto de edificios: Seis anos.
- Edificios en construción: Xunto co certificado facultativo de final de obra.”

De conformidade co disposto no devandito acordo plenario e no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a modificación da ordenanza non entrará en vigor ata que sexa publicado o seu texto íntegro, e transcurrise o prazo previsto no artigo 65.2 do mesmo texto legal.

OFRECEMENTO DE RECURSOS:

O precedente acordo esgota a vía administrativa e contra a modificación puntual da disposición transitoria primeira da Ordenanza municipal reguladora das medidas de conservación e seguridade nos elementos exteriores das edificacións aprobada definitivamente, poderá interpoñerse directamente por quen se considere lexitimado o recurso contencioso administrativo perante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses dende o día seguinte ó da publicación do texto íntegro da Ordenanza, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.6) da Lei 29/1998, de 13 de xullo da xurisdicción Contencioso Administrativa.

Non obstante tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que o interesado estime procedente consonte a dereito, significándolle que o artigo 107.3 da Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, non admite interposición de recursos en vía administrativa contra as disposicións administrativas de carácter xeral.

Así o dispuxo e ordenou o Ilmo. Sr. Alcalde, en Pontevedra a once de febreiro de dous mil dous, perante o Sr. Secretario Xeral que da fe da presente Resolución.

Pontevedra, 11 de febreiro de 2002.—O Alcalde, Miguel A. Fernández Lores.—O Secretario Xeral, Julio Dapena Outomuro. 1311

EDITO

Durante o prazo de dez días hábiles, contados a partir desta publicación no Boletín Oficial da provincia, podrán presentarse reclamacións en relación coa solicitude formulada por “Recreativos Ma-

fari, S.A.”, de licencias de obras e apertura de local para oficinas con cafetería, almacén e garaxe na rúa Almirantes Matos número 2 (expediente número 4578/99).

Pontevedra, 7 de febreiro de 2002.—O Alcalde, P.D. o Tenente Alcalde (Resolución de 5/7/99), Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo. 1307

EDITO

Durante o prazo de dez días hábiles, contados a partir desta publicación no Boletín Oficial da provincia, podrán presentarse reclamacións en relación coa solicitude formulada por “Promotilve, S.L.”, de licencia para realizar obras de adaptación interior de planta baixa existente para aluguer temporal de prazas de garaxe na rúa da Palla, esquina rúa dos Sapos (expediente número 38061/00).

Pontevedra, 21 de xaneiro de 2002.—O Alcalde, P.D. o Tenente Alcalde (Resolución de 5/7/99), Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo. 1308

* * *

A GUARDA

Por Resolución da Alcaldía do 11 de febreiro do 2002 foi aprobado, o Prego de Cláusulas Administrativas e técnicas que han de rexir no concurso por procedemento aberto das obras “Estabilización do talud na Cruz da Sangriña” (Reparación da estrada que rodea o campo de fútbol), o cal se expón ó público xunto co proxecto polo prazo de oito días contados a partir do seguinte ó da inserción deste anuncio no B.O.P. para que poidan presentarse reclamacións.

Simultáneamente anúnciase concurso aínda que a licitación se aprazará, cando resulte necesario, no suposto de que se formulen alegacións contra o prego de condicións ou proxecto.

ANUNCIO

1. ENTIDADE ADXUDICADORA

Organismo: Pleno do Concello de A Guarda.

2. OBXECTO DO CONTRATO

Descrición: Estabilización do talud da Cruz na Sangriña (Reparación da estrada que rodea o campo de fútbol).

3. TRAMITACIÓN, PROCEDUREMTO E FORMA

Tramitación: ordinaria.

Procedemento: Concurso en procedemento aberto.